

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL		
Etapa:	Actividade	Curso:
Tempo 1 sesión	Que sabes de ...	Nivel:
Obxectivos: 1. Afondar no coñecemento dos compañeiros e compañeiras 2. Crear un bo clima entre os membros da clase		
Desenvolvemento: 1. Entrégaselles un cuestionario (anexo) a cada membro da clase. Debemos insistir en que teñen que tratar de descubrir máis que de poñer o que xa saben. 2. Déixanse uns 15 ou 20 minutos, segundo o grupo sexa máis ou menos numeroso, para que completen a enquisa. Será necesario que o alumnado poida moverse, preguntar, etc., o que pode supor unha certa “desorde” na clase. 3. Unha vez terminada a enquisa, podemos pedir que poñan en común as preguntas 16, 17 e 15 se facemos o cuestionario, 2, 3 e 1 se facemos o bingo, por esa orde. 4. Resulta desexable que interveñan o maior número de rapazas e rapaces, para que haxa moito alumnado citado, polo tanto, se lles indicará que, na medida do posible, non repitan nomes. 5. De cara á autoimaxe, é moi positivo que as alumnas e os alumnos sexan citados.		
Material necesario: - Folla de cuestionario individual (anexa)		Avaliación:

Cuestionario

Vas completar o seguinte cuestionario. Para iso, debes buscar entre os membros da clase un que reúna as características que se piden na pregunta. Pero ...

¡Atención! Non repitas dúas veces o mesmo nome en todo o cuestionario.

E consulta co interesado/a a resposta.

Se xa sabías algo da persoa antes, é preferíbel que non poñas ese nome e descubras outro coa mesma característica.

¡Adiante! Tes 20 minutos.

BUSCA ENTRE OS MEMBROS DA CLASE UNHA PERSOA ...

1. Que toque un instrumento musical
2. Que teña algún pasatempo pouco habitual
3. Á que lle gusten máis as matemáticas que a historia
4. Á que lle desguste a música de reggaeton
5. Que teña lido un libro nas dúas últimas semanas
6. Que cumpra os anos o mesmo mes ca ti
7. Que fale ou entenda algo dun idioma que non se dá na clase
8. Que tivese ganas de que comezase o curso
9. Que coleccionase alguna cousa
10. Que teña chamado algunha vez a un programa de radio
11. Que teña o mesmo número de irmáns e irmás ca ti
12. Que teña como cor favorita a mesma ca ti
13. Quen non teña televisión na casa ou que non a vexa porque non lle gusta
14. Que viaxara a algún país que non forme parte da Unión Europea

AGORA, SEN CONSULTAR CON NINGUÉN, RESPONDE AS SEGUINTE PREGUNTAS:

15. Señala unha persoa da clase á que che gustaría coñecer máis
16. Unha persoa á que non coñecías antes moito e que che caeu ben nada máis vela
17. Á que antes coñecías de xeito superficial pero que che está chamando a atención positivamente estes días

Bingo: Busca a alguén que:

Lle desguste a música rock	Estivo noutro país	Non soporta as mentiras	Mide o mesmo ca min
Non lle gusta a paella	Calza o mesmo pe ca min	Coñece a todos os seus veciños	Defendeu a unha persoa que era agredida ou molestada
A súa cor preferida é diferente da miña	Algunha vez saíulle mal algún traballo	Naceu noutro país	Cumpre anos o mesmo mes ca min
Toque un instrumento musical	Teña un pasatempo pouco habitual	Que fale/entenda algún idioma que non se dea na clase	Prefire estar tranquilo a meterse en problemas

AGORA, SEN CONSULTAR CON NINGUÉN, RESPONDE ÁS SEGUINTE PREGUNTAS:

1. Sinala unha persoa da clase á que che gustaría coñecer máis
2. Unha persoa á que non coñecías antes moito e que che caeu ben nada máis vela
3. Á que antes coñecías de xeito superficial pero que che está chamando a atención positivamente estes días

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL		
Etapa:	Actividade	Curso:
Tempo 1 sesión	O meu anuncio	Nivel:
<p>Obxectivos:</p> <p>3. Afondar no coñecemento dos compañeiros e compañeiras</p> <p>4. Crear un bo clima entre os membros da clase</p>		
<p>Aspectos pedagóxicos: Permite comunicarse co grupo, coñecer a cada membro, falar dun mesmo aos demais, darse a coñecer. É útil para romper o xeo dos inicios, para a presentación do grupo. Favorece o autocoñecemento, a retroalimentación, afondar máis no coñecemento dos membros xa coñecidos, así poderemos ver a súa evolución e progreso. Facilita a integración dos membros novos, a expresión e a linguaxe. Axuda a cualificar valores persoais.</p> <p>Desenvolvemento:</p> <p>Teremos folios de cores variadas. Cadaquén collerá libremente un folio e pensará un anuncio de si mesmo/a. O alumnado é libre de facelo como queira. Deixaremos un tempo non demasiado longo e a un sinal, cada persoa presentará ao resto como se quere anunciar ante a clase.</p> <p>Variantes:</p> <p>Pode anunciarse por escrito.</p> <p>En forma plástica.</p> <p>En expresión corporal.</p> <p>Pode facerse en parellas.</p> <p>Orientación didáctica:</p> <p>Explicar ben o obxectivo: que nos coñezamos mellor.</p> <p>Se é posible poderían quedar os anuncios no panel da aula.</p>		
Material necesario:		Avaliación:
- Folios de cores		

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL		
Etapa:	Actividade	Curso:
Tempo ½ sesión.	COINCIDENCIAS	Nivel:
<p>Obxectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Romper o xeo en grupos de nova constitución. 2. Que o alumno/a sexa capaz de aceptar e apreciar as diferenzas e semellanzas individuais e de grupo e valorar a todas as persoas. 3. Fomentar a cohesión grupal. 		
<p>Desenvolvemento:</p> <p>O titor/a inicia a sesión explicando que levaremos a cabo unha actividade de acollida para coñecernos mellor e ao tempo fomentar as boas relacións e aceptación dos demais.</p> <p>Para desenvolver esta actividade hai que permitir a libre mobilidade pola aula polo que sería bo retirar previamente as mesas e as cadeiras, se é posíbel.</p> <p>Actividade:</p> <p>Repártese a ficha coincidencias, danse un par de minutos para enchela, de xeito individual, en función das claves que establece o titor/a. Unha vez cuberta pídeselle aos rapaces/as, que se agrupen en función das claves que puxeron na ficha. O titor/a dinamiza a actividade.</p> <p>Claves:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Lugar de nacemento: Gondomar, algún outro lugar da Provincia, da Comunidade, de España, do estranxeiro 2. Número de irmás/áns: 3. Cor: vanse dicindo ao chou. 4. Tortilla de pataca: con cebola, sen cebola 5. Música: Hip hop, Pop, Rock, etc. 6. Serie de TV preferida: pídesse a unha alumna/o que diga a que escribiu, invítase aos que coincidan a agruparse, e así sucesivamente ata que non quede ninguén sen agrupar ou preguntarlle. <p>Faise notar que unha mesma persoa en función dos gustos e as afeccións pode pertencer a grupos diferentes, incluso dentro do mesmo grupo, e que polo tanto pode relacionarse ou compartir con persoas de moi diversa índole.</p> <p>Recálcase o enriquecedor que resulta o feito de darse a coñecer e de tratar de coñecer aos outros/as.</p>		
<p>Material necesario:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Lapis -Anexos: <ul style="list-style-type: none"> - Coincidencias 		<p>Avaliación:</p>

Nome: 1. Lugar de nacemento: 2. Irmás/áns: 3. Cor: 4. Tortilla: 5. Música: 6. Serie de TV:	Nome: 1. Lugar de nacemento: 2. Irmás/áns: 3. Cor: 4. Tortilla: 5. Música: 6. Serie de TV:
Nome: 1. Lugar de nacemento: 2. Irmás/áns: 3. Cor: 4. Tortilla: 5. Música: 6. Serie de TV:	Nome: 1. Lugar de nacemento: 2. Irmás/áns: 3. Cor: 4. Tortilla: 5. Música: 6. Serie de TV:
Nome: 1. Lugar de nacemento: 2. Irmás/áns: 3. Color: 4. Tortilla: 5. Música: 6. Serie de TV:	Nome: 1. Lugar de nacemento: 2. Irmás/áns: 3. Color: 4. Tortilla: 5. Música: 6. Serie de TV:
Nome: 1. Lugar de nacemento: 2. Irmás/áns: 3. Cor: 4. Tortilla: 5. Música: 6. Serie de TV:	Nome: 1. Lugar de nacemento: 2. Irmás/áns: 3. Cor: 4. Tortilla: 5. Música: 6. Serie de TV:

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL		
Etapa:	Actividade	Curso:
Tempo 1 sesión	Presentación	Nivel:
<p>Obxectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Romper o xeo inicial que se produce en calquera grupo. 2. Ofrecer unha aproximación aos valores persoais de cada membro do grupo. 3. Iniciar a cohesión grupal. 		
<p>Desenvolvemento:</p> <p>Explícanse os obxectivos e entrégase a cada alumna/o unha cuartilla na que deberán escribir de 3 a 5 características tanto físicas como persoais. Unha vez estean todas escritas o titor/a recollerá as cuartillas e lerá cada unha en voz alta. O grupo, seguindo esas pistas, deberá atopar ao membro que describe cada cartolina.</p> <p>Realizarase unha valoración da técnica, facendo unha posta en común con todo o grupo. O titor/a deberá facilitar a posta en común lanzando algunha pregunta.</p>		
<p>Material necesario: Cuartillas de papel</p>		<p>Avaliación:</p>

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL		
Etapa:	Actividade	Curso:
Tempo 1 sesión	Presentacións Mentireiras	Nivel:
Obxectivos:		
<p style="text-align: center;">15. Crear un clima de distensión, cómodo e con notas de humor.</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Fomentar que os membros dun grupo se coñezan. 2. Facilitar o contacto con persoas descoñecidas. 		
Desenvolvemento:		
<p>Comézase dándolle ao grupo a seguinte consigna: traballade por parellas. Ídesvos presentar mutuamente dando cada un ao outro unha información falsa (ben información falsa e espantosa, pero ou ben falsa e marabillosa). Ofrécese a posibilidade de que cada membro da parella anote cuestións con respecto ao que lle comentou o outro membro da mesma.</p> <p>En gran grupo as parellas van saíndo, para que o membro que escoitou e anotou o que dixo o seu compañeiro/a presente o outro e así sucesivamente.</p> <p>Por último, realizarase unha conclusión final e sacaranse as conclusións da dinámica.</p> <p>O titor/a debe ir facendo un rexistro mental do que se fala en xeral: si aparece no contido do exposto temas nostáxicos, alegres, etc. Deberá motivar ao grupo incitándolles a unha curta reflexión con cuestións de tipo: "imos comentar que ideas predominan en todo o inventado" ou "no inventado hai algo de verdade?".</p>		
Material necesario:	Avaliación:	
Papel e lapis		

PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL		
Etapa:	Actividade	Curso:
Tempo 1/2 sesión	Ola!	Nivel:
<p>Obxectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Comunicarse co grupo. 2. Coñecer a cada membro, falar dun mesmo aos demais, darse a coñecer. 3. Romper o xeo dos inicios para a presentación do grupo. 4. Favorecer o autocoñecemento e a retroalimentación. 5. Afondar máis no coñecemento dos membros xa coñecidos. 6. Facilitar a integración dos membros novos, a expresión e a linguaxe. 		
<p>Desenvolvemento:</p> <p>O titor/a explica que imos saudarnos e aproveitaremos a ocasión para coñecernos mellor e saber algo máis de nós. Cada un dirá o seu nome e a continuación cunha soa palabra o que máis lle agrada facer e con outra o que menos lle guste facer.</p> <p>Empeza o titor/a e di:</p> <p>«Ola, chámome ... »</p> <p>«Encántame durmir.»</p> <p>«Desagrádame que me manden.»</p> <p>«E a ti?» (dirixíndose ao veciño da dereita, que dirá o máis rápido posible).</p> <p>«Ola chámome ...»</p> <p>«Encántame ...»</p> <p>«Desagrádame ...»</p> <hr/> <p>Variantes:</p> <p>Dicir o nome de pila e o nome como desexaría chamarse.</p> <p>Xunto co nome expresar a súa cor preferida e a cor máis desprezada.</p> <p>O nome e a comida máis desexada ou odiada</p> <p>O nome e o xogo ou deporte.</p> <p>O nome e o cantante ou grupo musical.</p>		
Material necesario:	Avaliación:	
Ningún		

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL		
Etapa:	Actividade	Curso:
Tempo 1/2 sesión	O Xogo da representación	Nivel:
<p>Obxectivos:</p> <p>1- Crear confianza no grupo. 2- Facilitar unha aproximación inicial.</p>		
<p>Desenvolvemento:</p> <p>Escríbese no encerado a listaxe que se ofrece no apartado de materiais, dándolle ao grupo a seguinte consigna: “Hai que enumerar as actividades da lista do 1 ao 7, segundo a túa preferencia á hora de realizala, asignando o número 1 á que prefiras realizar en primeiro lugar e así sucesivamente, segundo a túa orde de preferencia. Tede en conta que debes pensalo con moito coidado xa que o máis seguro é que teñades que representar 3 das elixidas en primeiro lugar. Cando todos terminen de facer a súa elección procédese a facer un reconto estatístico (porque en realidade non hai que dramatizala). No encerado e utilizando un cadro de dobre entrada: actividade/orde de elección, elabórase o resultado. Vaise preguntando quen elixiu en primeiro lugar a actividade A, quen en segundo, quen en terceiro, e así sucesivamente. Comentario final.</p> <p>Papel do titor/a:</p> <p>Motivar a reflexión do grupo, expondo cuestións como: Atopácheste realmente incomodo/a pensando que terías que realizar a actividade? En que medida cres que a orde da listaxe que fixeches representa o teu grao de confianza no grupo ou o teu grao de incomodidade?, etc. Podemos valorar posibles afinidades en función das eleccións do grupo.</p>		
<p>Material necesario:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Listaxe de formas de representación. - Papel e lapis. 		<p>Avaliación:</p>

FORMAS DE REPRESENTACIÓN

Listaxe de actividades:

- A. Imita o canto do galo.
- B. Fala durante 2 minutos sobre as túas mellores calidades.
- C. Fai unha pantomima imitando a unha persoa medio durmida, levantándose pola mañá.
- D. Fala durante 2 minutos do que máis che gusta do que percebes dos teus compañeiros/as de clase.
- E. Recita unha poesía infantil que lembres da etapa de Primaria.
- F. Camiña pola habitación cun libro na cabeza, procurando que non caia.
- G. Le en voz alta unha pequena noticia do xornal.

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL		
Etapa:	Actividade	Curso:
Tempo 1 sesión	O Cadro	Nivel:
<p>Obxectivos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Coñecer máis os membros do grupo. 2. Fomentar a socialización. 3. Perder o medo a definirse e a autocriticarse . 4. Perder o medo a falar en grupo. 		
<p>Desenvolvemento:</p> <p>Divídese un folio en 4 partes. Cada membro completa o folio da seguinte maneira:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Primeira parte: o que máis lle gusta. - Segunda parte: o que odia. - Terceira parte: como se define (mínimo tres ou catro características persoais. - Cuarta parte: como lle gustaría ser. <p>Posta en común.</p>		
<p>Material necesario:</p> <p>Folios e bolígrafos</p>		<p>Avaliación:</p>